



Museo do Pobo Galego

Actividades abril 2018

Exposicións

Xoves 19. *Camiños da Imaxe, Joaquín García Portela “Costiña”.*
Inauguración ás 19h30



“Costiña” foi un fotógrafo de A Guarda, pioneiro da fotografía e da filmografía, que viviu entre 1894 e 1957. A mostra *Camiños da Imaxe*, promovida polo Concello guardés e o Proxecto Socheo para o patrimonio audiovisual da Guarda e Baixo Miño, trae a Compostela a obra deste artista que ademais de fotografar aos seus e as súas veciñas no estudo e investigar sobre a procura da cor, foi un cineasta amator que fixo varias películas entre 1926 e 1930. Estes filmes supoñen as primeiras películas filmadas na Guarda e por un guardés.

Venres 13. Obradoiro para familias *Petís a Voltas*

Con **Marta Otero**, mestra especializada en educación musical e baile para crianzas como actividade complementaria na escola.

Obradoiro para familias con nenos e nenas de 4 a 7 anos. Traballarase co baile tradicional como ferramenta na educación en valores e na expresión corporal.

Inscripción ata o 12 de abril en deac@museodopobo.gal ou no tl. 981 583 620 Prezo por materiais: 3€. De balde para as persoas socias. A inscrición non será válida ate recibir confirmación do Museo.

Sábado 14. A voltas co baile. Transmisión e estereotipos de xénero.

Con **Chus Caramés e Carme Campo** creadoras do proxecto *Andar cos Tempos* sobre baile tradicional.

De 11 a 14h.

Obradoiro no que se convida a reflexionar sobre os estereotipos de xénero na transmisión do baile tradicional. Proponse facer algunhas consideracións ao redor do concepto de tradición e apelar á responsabilidade colectiva á hora de manter vivo o noso patrimonio cultural inmaterial. Na parte práctica traballarase na mesma liña con dinámicas lúdicas e a partir de materiais didácticos que usan o baile como ferramenta educativa.

Xornada dirixida a persoas adultas. Prezo por materiais: 3€

De balde para persoas socias do Museo e desempregadas.

O número máximo de participantes é de 40, por orde de inscrición que se fará previamente ata o 12 de abril en servizosdeac@museodopobo.gal ou no tl. 981 583 620. A inscrición non será válida ate recibir confirmación do Museo.



Imaxe tirada da serigrafía Mu
de Luis Seoane. Fundación L



Sábado 28. Obradoiro xogos populares

De 11h30 a 13h30

Organizado pola oficina dos socios e das socias do Museo do Pobo Galego
Máis información en socios@museodopobo.gal